

II. AUTORIDADES E PERSOAL

B) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 24 de abril de 2013 pola que se dispón o nomeamento do presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao.

O artigo 31.1 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, establece que o presidente da autoridade portuaria será designado e separado polo órgano competente da comunidade autónoma.

Para dar cumprimento ao disposto no devandito precepto, o Consello da Xunta de Galicia acordou, o 16 de setembro de 2010, facultar o titular da consellería competente en materia de portos para a designación e separación dos presidentes das autoridades portuarias dos portos de interese xeral do Estado en Galicia.

En consecuencia,

DISPOÑO:

O nomeamento de José Manuel Vilariño Anca como presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2013

Rosa M. Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar

